

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

6651 *Real decreto 293/2018, do 18 de maio, sobre redución do consumo de bolsas de plástico e polo que se crea o Rexistro de Produtores.*

I

A Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 1994, relativa aos envases e residuos de envases, adoptouse para previr ou reducir o impacto no ambiente dos envases e dos seus residuos. Esta directiva incorporouse ao ordenamento xurídico español mediante a Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e o Real decreto 782/1998, do 30 de abril, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e a execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases. Aínda que as bolsas de plástico son envases no sentido da Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 1994, a redacción orixinal desta directiva non contén disposicións específicas sobre o consumo deste tipo de envases.

Os actuais niveis de consumo de bolsas de plástico producen uns altos niveis de residuos dispersos, supoñen un uso ineficaz dos recursos e é previsible que aumenten se non se toman as medidas adecuadas. As bolsas de plástico dispersas provocan contaminación no ambiente e agravan o problema xeneralizado da presenza de residuos nas masas de auga, o que supón unha ameaza para os ecosistemas acuáticos no ámbito mundial. As bolsas de plástico cunha espesura de menos de 50 micras –«bolsas de plástico lixeiras»–, que representan a inmensa maioría do número total de bolsas de plástico consumidas na Unión Europea, reutilízanse con menor frecuencia que as bolsas máis grosas. Por conseguinte, as bolsas de plástico lixeiras convértense en residuos máis rapidamente e tenden a dispersarse como lixo con maior frecuencia debido ao seu reducido peso. As taxas actuais de reciclaxe de bolsas de plástico lixeiras son moi baixas e, debido a unha serie de dificultades prácticas e económicas, non é probable que alcancen niveis significativos no futuro próximo.

Coa finalidade de dar solución ao problema descrito, no ámbito da Unión Europea, aprobouse a Directiva (UE) 2015/720 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2015, pola que se modifica a Directiva 94/62/CE no que se refire á redución do consumo de bolsas de plástico lixeiras. O obxectivo do presente real decreto é incorporar ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2015/720 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2015.

Esta directiva comunitaria establece que os Estados membros deben adoptar medidas co fin de reducir de forma sostida, no seu territorio, o consumo de bolsas de plástico lixeiras. Para iso, proporciona varias opcións aos Estados membros entre as cales se inclúen o establecemento de obxectivos nacionais de redución, a introdución de instrumentos económicos, así como, de ser o caso, as restricións á súa comercialización, sempre que estas restricións sexan proporcionadas e non discriminatorias. Así mesmo, establece que as ditas medidas poderán variar dependendo da incidencia no ambiente das bolsas de plástico lixeiras cando se valorizan ou se desbotan, das súas propiedades para efectos de compostaxe, da súa durabilidade ou do seu uso específico previsto.

En calquera caso, os Estados membros deberán establecer, polo menos, unha das seguintes medidas: a) a adopción de medidas que garantan que o nivel de consumo anual non supere as 90 bolsas de plástico lixeiras por persoa como máis tarde o 31 de decembro de 2019, e 40 bolsas de plástico lixeiras por persoa como máis tarde o 31 de decembro de 2025, ou un obxectivo equivalente expresado en peso; b) a adopción de instrumentos

que garantan que, como máis tarde o 31 de decembro de 2018, non se entreguen gratuitamente bolsas de plástico lixeiras nos puntos de venda de mercadorías ou produtos, a menos que se apliquen instrumentos igualmente eficaces. A directiva permite que os Estados membros exclúan destas medidas as bolsas de menos de 15 micras de espesura, usadas por motivos de hixiene ou para evitar as perdas de alimentos. Así mesmo, a directiva establece que, a partir do 27 de maio de 2018, os Estados membros informarán do consumo anual de bolsas de plástico lixeiras cando faciliten á Comisión Europea datos sobre envases e residuos de envases de conformidade coa normativa vixente. Para o resto de bolsas de plástico –as de espesura igual ou superior a 50 micras–, a directiva prevé que os Estados membros poidan adoptar medidas, como os instrumentos económicos e obxectivos nacionais de redución. Por outra parte, a directiva outorga especial importancia á información ao público e ás campañas de concienciación sobre as consecuencias negativas para o ambiente do consumo excesivo de bolsas de plástico lixeiras, que deberán realizar os Estados membros.

II

En relación co consumo de bolsas de plástico, o Plan nacional integrado de residuos para o período 2008-2015 (PNIR) estableceu varias medidas para lograr a progresiva substitución das bolsas dun só uso. Entre estas medidas destacaba a diminución do 50% de bolsas dun só uso para 2010, así como o establecemento dun calendario de substitución de plásticos non biodegradables ou o fomento de acordos cos sectores da distribución para reducir a xeración de residuos de bolsas dun só uso e promover o uso de bolsas reutilizables en comercios e en grandes superficies e a substitución das bolsas de plástico dun só uso non biodegradables por bolsas de material biodegradable. Cabe sinalar que o concepto biodegradable se debe entender como compostable conforme o establecido na propia Directiva (UE) 2015/720 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2015.

Pola súa parte, a disposición adicional segunda da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, obriga as administracións públicas a adoptar as medidas necesarias para promover os sistemas máis sustentables de prevención, redución e xestión dos residuos de bolsas comerciais dun só uso de plástico non biodegradable e as súas alternativas, incluídas as accións correspondentes á condición da Administración como consumidor, a través das compras públicas.

Posteriormente, o Programa estatal de prevención de residuos 2014-2020, aprobado polo Acordo do Consello de Ministros do 13 de decembro de 2013, inclúe a área prioritaria dos envases, na cal se mencionan algunhas medidas específicas relativas á redución do consumo de bolsas de plástico. Así mesmo, o Plan estatal marco de xestión de residuos 2016-2022, aprobado polo Acordo do Consello de Ministros do 6 de novembro de 2015, no seu capítulo de envases e residuos de envases inclúe tamén información e obxectivos sobre as bolsas de plástico.

En definitiva, desde a aprobación e posta en marcha do Plan nacional integrado de residuos 2008-2015, da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e dos posteriores instrumentos de programación e planificación en materia de residuos, son moitas as medidas que adoptaron as administracións públicas e o sector da distribución para reducir o consumo deste tipo de envases: acordos voluntarios coa distribución, campañas de sensibilización, establecemento de impostos, fomento do uso de bolsas permanentes e fixación dun prezo, entre outras. Como consecuencia destas medidas e segundo datos do sector, durante estes anos reduciuse o consumo practicamente á metade, pasando de 317 bolsas por habitante en 2007 a 144 bolsas por habitante en 2014, debido fundamentalmente a un cambio nas pautas de consumo deste envase.

De acordo cos datos proporcionados polo sector, en España puxéronse no mercado no ano 2014 unhas 62.560 toneladas de bolsas de plástico de menos de 50 micras de espesura (6.730 millóns de unidades), das cales o 23 % serían bolsas de menos de 15 micras e unhas 4.670 toneladas de bolsas de plástico de máis de 50 micras (158 millóns de unidades).

Por iso cómpre seguir reforzando estes cambios nas pautas de consumo das bolsas de plástico, especialmente en certos sectores como o pequeno comercio, e incorporar a nova directiva europea sobre consumo de bolsas ao ordenamento xurídico español.

III

Entre as posibilidades que ofrece a directiva para as bolsas de plástico lixeiras, considerouse que as medidas máis adecuadas son as seguintes: en primeiro lugar, que desde o 1 de xullo de 2018 se prohiba a súa entrega gratuíta aos consumidores nos puntos de venda. É dicir, desde esa data os comerciantes deben cobrar un prezo por cada bolsa de plástico lixeira que entreguen ao consumidor. Exceptúanse desta medida as bolsas de plástico moi lixeiras, é dicir, as bolsas de plástico de menos de 15 micras de espesura que son necesarias por razóns de hixiene, ou que se subministran como envase primario para alimentos a granel. En segundo lugar, que desde o 1 de xaneiro de 2021 se prohiba a entrega –gratuíta ou non– aos consumidores, nos puntos de venda, de bolsas de plástico lixeiras e moi lixeiras non compostables. Con este prazo preténdese compasar a obrigatoriedade de que as bolsas de plástico lixeiras e moi lixeiras sexan só compostables coa plena implantación da recollida separada dos biorresiduos, necesaria para poder cumprir cos obxectivos comunitarios de preparación para a reutilización e reciclaxe de residuos municipais, establecidos na Lei 22/2011, do 28 de xullo, así como nas novas directivas europeas de residuos. Desta forma, as bolsas compostables, cuxo tratamento máis adecuado é a través de procesos biolóxicos, xestionaranse conxuntamente coa fracción de biorresiduos presente nos residuos municipais, evitando así que se poidan mesturar con outros fluxos de residuos como os de envases de plástico, xa que a súa mestura podería dificultar a reciclaxe mecánica dos plásticos non compostables.

Débase facer fincapé en que o obxectivo da Directiva (UE) 2015/720 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2015, e por tanto do presente real decreto, é reducir o consumo de bolsas de plástico lixeiras. A utilización de bolsas de plástico compostables é unha das posibles alternativas, pero non é a única. Os comerciantes non están obrigados a substituír as bolsas de plástico non compostables polas bolsas de plástico compostables, senón que poderán facer uso de calquera outra solución tendo en conta que esta non derive nun incremento da xeración de residuos de envases.

Nos últimos anos puxéronse no mercado bolsas de plástico etiquetadas como «oxobiodegradables» ou «oxodegradables». Nesas bolsas incorpóranse aditivos aos plásticos convencionais que co paso do tempo fragmentan o plástico en pequenas partículas que permanecen no ambiente. Pode inducir a erro designar esas bolsas como «biodegradables», xa que non son unha solución ao problema da contaminación ocasionada polo seu abandono, senón que poden agravalalo. Con comportamento similar ás bolsas fabricadas con plástico oxodegradable encóntranse as bolsas fabricadas con plástico fotofragmentable, termofragmentable e hidrofotofragmentable, polo que procede falar de bolsas fabricadas con plásticos fragmentables. Para evitar os prexuízos sobre os solos, as augas e a biota derivados da permanencia no ambiente dos plásticos, pero en partículas de menor tamaño, decidiuse prohibir tamén a entrega de bolsas de plástico fragmentable a partir do 1 de xaneiro de 2020, entendendo como tales as bolsas de plástico fabricadas con materiais plásticos que inclúen aditivos que catalizan a fragmentación do material plástico en microfragmentos.

Considerando ademais que a Directiva (UE) 2015/720 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2015, ofrece aos Estados membros a posibilidade de adoptar medidas para reducir o consumo de calquera tipo de bolsa de plástico, independentemente da súa espesura, considerouse adecuado tamén adoptar medidas para as bolsas dunha espesura igual ou superior ás 50 micras: por unha parte, obrígase ao cobramento dun prezo polas ditas bolsas desde o 1 de xullo de 2018, excepto para as que teñan unha porcentaxe de plástico reciclado igual ou superior ao 70%, e por outra parte, e co fin de avanzar cara a unha economía circular e fomentar a reincorporación de materiais procedentes de residuos na fabricación de novos produtos, establécese a obriga de que estas bolsas conteñan, a partir do 1 de xaneiro de 2020, unha porcentaxe mínima de

plástico reciclado do 50 % e propónse para estas bolsas un prezo orientativo menor. Para os efectos de inspección e control da excepción do cobramento das bolsas con máis do 70% de plástico reciclado, os comerciantes deberán dispoñer da documentación necesaria que permita acreditar a dita porcentaxe.

Por último, procede clarificar que todas estas medidas afectarán tamén as bolsas que se poidan subministrar na venda en liña, así como as entregadas a domicilio. Exclúense os sobres de plástico empregados para as vendas a distancia, aínda que estes deberán ser considerados envases se cumpren coa definición de envase e os seus exemplos establecida na Lei 11/1997, do 24 de abril.

Co obxecto de informar e sensibilizar os cidadáns sobre as medidas adoptadas neste real decreto e sobre o efecto no ambiente derivado do consumo excesivo de bolsas de plástico lixeiras e do seu abandono e promover a aplicación do principio de xerarquía de residuos, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e as autoridades competentes das comunidades autónomas deberán levar a cabo campañas de sensibilización, polo menos, no primeiro ano desde a entrada de vigor deste real decreto. Ademais, as ditas campañas deberán conter información sobre o contedor en que se deben depositar as bolsas de plástico, compostables e non compostables. Nesta mesma liña, as entidades locais e o sector privado poderán realizar tamén campañas de sensibilización. Tendo en conta que as bolsas de plástico son envases, as campañas que realicen as administracións públicas poderán ser financiadas polos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada (anteriormente denominados sistemas integrados de xestión), no marco dos acordos de financiamento que teñan estes sistemas coas comunidades autónomas ou, se é o caso, coas entidades locais.

Seguindo o disposto na normativa europea, establécese a obriga de marcación das bolsas compostables no prazo de dezaioito meses contados desde a data en que a Comisión Europea adopte o acto polo que se establezan as especificacións das etiquetas ou marcas para garantir o recoñecemento en toda a Unión Europea destas bolsas, así como para proporcionar información correcta aos consumidores sobre as propiedades das ditas bolsas.

IV

A Lei 22/2011, do 28 de xullo, promove a implantación de medidas de prevención, a reutilización e a reciclaxe dos residuos, conforme o que establece a Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas directivas (Directiva marco de residuos). A lei prevé como instrumentos de planificación os plans e programas de xestión de residuos e os programas de prevención de residuos, así como o establecemento de obxectivos de prevención e recollida separada de residuos. Estes obxectivos de prevención e recollida separada están vinculados, entre outros aspectos, á información dispoñible sobre a cantidade e o tipo de produtos que se poñen no mercado e que, co uso, se converten en residuos.

Dado que cada vez é máis relevante avanzar na prevención da xeración de certos tipos de residuos, mellorar as súas formas de recollida, aumentar as taxas de reciclaxe e, se é o caso, aplicar medidas sobre o seu financiamento, as autoridades ambientais requiren maior información sobre a cantidade e os tipos de produtos que se poñen no mercado e que, co uso, xeran residuos.

A recompilación da información, en forma de rexistros, sobre a cantidade de produtos que se poñen no mercado e que xeran certos tipos de residuos é unha obriga establecida en numerosas directivas comunitarias sobre xestión dos residuos, especialmente nas normas en que se aplica o principio de responsabilidade ampliada do produtor. Nestes casos, a contribución económica de cada produtor do produto ao financiamento da xestión dos residuos é proporcional á cantidade e ao tipo de produtos que cada un pon no mercado.

Dispoñer de información sobre a posta no mercado dun tipo de envases, como son as bolsas de plástico, é imprescindible para poder avaliar se se cumpren os obxectivos da

Unión Europea de redución do seu consumo, así como para poder cumprir coas obrigas de subministración de información anual á Comisión Europea. Por estes motivos, cómpre exixir aos fabricantes que proporcionen información anual sobre a posta no mercado de bolsas de plástico. Con esta finalidade, créase o Rexistro de Produtores de Produtos, rexistro de carácter administrativo e declarativo, que estará adscrito á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Dentro do Rexistro de Produtores de Produtos créase a sección de fabricantes de bolsas de plástico; a través doutras normas reguladoras de fluxos específicos de residuos poderanse crear novas seccións no rexistro.

O real decreto detalla as obrigas de inscrición dos fabricantes e importadores de bolsas de plástico, na sección de bolsas de plástico do Rexistro de Produtores de Produtos, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor do presente real decreto, e a obriga, por parte de fabricantes e importadores de bolsas de plástico, de proporcionar a información relativa á posta no mercado de bolsas de plástico para poder cumprir así coas obrigas de subministración de información anual relativa ao consumo anual de bolsas de plástico á Comisión Europea.

V

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1, regras 13.^a e 23.^a, da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente. A habilitación para levar a cabo este desenvolvemento regulamentario está contida na disposición derradeira terceira da Lei 22/2011, do 28 de xullo, que faculta o Goberno da Nación para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei e, en particular, para establecer normas para os diferentes tipos de residuos, nas cales se fixarán disposicións particulares relativas á súa produción e xestión, e na disposición adicional oitava da dita lei, que prevé a adaptación ás previsións contidas na lei das disposicións de desenvolvemento en materia de residuos.

A natureza das medidas adoptadas neste real decreto ampárase, así mesmo, no establecido no artigo 16.1 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, que dispón que as autoridades competentes poderán establecer medidas económicas, financeiras e fiscais para fomentar a prevención da xeración de residuos, implantar a recollida separada, mellorar a xestión dos residuos, impulsar e fortalecer os mercados da reciclaxe, así como para que o sector dos residuos contribúa á mitigación das emisións de gases de efecto invernadoiro.

Con carácter previo á elaboración do texto deste real decreto substanciouse, a través do portal web do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, a consulta pública previa, prevista no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na elaboración deste real decreto foron consultados os axentes económicos e sociais, as comunidades autónomas e a cidade de Ceuta e a cidade de Melilla, así como as entidades locais e os sectores máis representativos potencialmente afectados. Ademais, o proxecto foi sometido á consulta do Consello Asesor do Medio Ambiente e ao trámite de participación pública, de acordo co disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE), e co disposto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Así mesmo, este real decreto foi previamente notificado á Comisión Europea, de conformidade co artigo 16 da Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 1994, relativa aos envases e residuos de envases, a través do procedemento previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da

información, así como co disposto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Atendendo ás circunstancias descritas, este real decreto observa os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, en canto ao seu contido e tramitación, de conformidade co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Por outra parte, de acordo co artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, o presente real decreto encóntrase incluído no Plan anual normativo de 2018.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de maio de 2018,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

1. Este real decreto ten por obxecto adoptar medidas para reducir o consumo de bolsas de plástico coa finalidade de previr e reducir os impactos adversos que os residuos xerados polas ditas bolsas de plástico producen no ambiente, con especial atención ao dano ocasionado aos ecosistemas acuáticos, e en determinadas actividades económicas, como a pesca ou o turismo, entre outras. Así mesmo, ten por obxecto evitar a perda de recursos materiais e económicos que supón o abandono das bolsas de plástico e a súa dispersión no ambiente.

2. Este real decreto ten tamén como obxecto crear o Rexistro de Produtores de Produtos, rexistro de carácter administrativo e declarativo que estará adscrito á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Quedan incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto todas as bolsas de plástico postas no mercado no territorio do Estado, así como os residuos xerados polas ditas bolsas.

Artigo 3. *Definicións.*

Ademais das definicións contidas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e no Real decreto 782/1998, do 30 de abril, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e a execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, para efectos do disposto neste real decreto entenderase por:

a) «plástico»: un polímero no sentido do artigo 3.5, do Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, ao cal se lle poden ter engadido aditivos ou outras substancias e que pode constituír un compoñente estrutural principal das bolsas;

b) «bolsas de plástico»: bolsas, con ou sen asa, feitas de plástico, proporcionadas aos consumidores nos puntos de venda de bens ou produtos, o que inclúe a venda en liña e a entrega a domicilio;

- c) «bolsas de plástico lixeiras»: bolsas de plástico cunha espesura inferior a 50 micras;
- d) «bolsas de plástico moi lixeiras»: bolsas de plástico cunha espesura inferior a 15 micras, que son necesarias por razóns de hixiene, ou que se subministran como envase primario para alimentos a granel, como froita, legume, carne, peixe, entre outros, cando o seu uso contribúe a previr o desperdicio destes alimentos;
- e) «bolsas de plástico fragmentable»: bolsas de plástico fabricadas con materiais plásticos que inclúen aditivos que catalizan a fragmentación do material plástico en microfragmentos. Inclúese no concepto de plástico fragmentable tanto o plástico oxofragmentable como o fotofragmentable, o termofragmentable e o hidrofotofragmentable;
- f) «bolsas de plástico compostables»: bolsas de plástico que cumpran os requisitos da norma europea vixente EN 13432:2000 «Envases e embalaxes. Requisitos dos envases e embalaxes valorizables mediante compostaxe e biodegradación. Programa de ensaio e criterios de avaliación para a aceptación final do envase ou embalaxe» e nas súas sucesivas actualizacións, así como as bolsas de plástico que cumpran os estándares europeos ou nacionais de biodegradación a través de compostaxe doméstica;
- g) «fabricante de bolsa de plástico»: aquel que poña no mercado nacional bolsas de plástico terminadas. Terán tamén a condición de fabricantes os importadores de bolsas de plástico terminadas.

CAPÍTULO II

Medidas, obrigas e campañas para a redución do consumo de bolsas de plástico

Artigo 4. Medidas para reducir o consumo de bolsas de plástico.

As medidas que se adoptan para reducir o consumo de bolsas de plástico, en función da súa data de entrada en vigor, son as seguintes:

1. A partir do 1 de xullo de 2018:
 - a) Prohíbese a entrega gratuíta aos consumidores de bolsas de plástico nos puntos de venda de bens ou produtos, coa excepción das bolsas de plástico moi lixeiras e das bolsas de plástico cunha espesura igual ou superior a 50 micras cunha porcentaxe igual ou maior ao 70% de plástico reciclado.
 - b) No caso da excepción para as bolsas de plástico cunha espesura igual ou superior a 50 micras prevista na alínea anterior, os comerciantes deberán dispoñer de documentación proporcionada polo fabricante que acredite a dita porcentaxe.
 - c) Os comerciantes cobrarán unha cantidade por cada bolsa de plástico que proporcionen ao consumidor. Para determinar o prezo das bolsas de plástico, os comerciantes poderán tomar como referencia os prezos orientativos establecidos no anexo I.
 - d) Así mesmo, os comerciantes informarán os consumidores dos prezos establecidos, expoñéndoo ao público nun lugar visible e incluíndo unha referencia ao cumprimento das obrigas contidaa nas alíneas anteriores.
2. A partir do 1 de xaneiro de 2020:
 - a) Prohíbese a entrega aos consumidores, nos puntos de venda de bens ou produtos, de bolsas de plástico fragmentables.
 - b) As bolsas de plástico de espesura igual ou superior a 50 micras conterán unha porcentaxe mínima do 50 % de plástico reciclado.
3. A partir do 1 de xaneiro de 2021, prohíbese a entrega de bolsas de plástico lixeiras e moi lixeiras ao consumidor nos puntos de venda de bens ou produtos, excepto se son de plástico compostable. Os comerciantes poderán tamén optar por outros formatos de envase para substituír as bolsas de plástico.

4. Todas as medidas incluídas neste artigo afectarán tanto as bolsas de plástico que se entreguen nos puntos de venda de bens ou produtos como as que se poidan subministrarse na venda en liña, así como as entregadas a domicilio. Exclúense os sobres de plástico empregados para as vendas a distancia, aínda que estes deberán ser considerados envases se cumpren coa definición de envase e os seus exemplos establecida na Lei 11/1997, do 24 de abril.

Artigo 5. Obrigas de marcación das bolsas de plástico.

No prazo de dezaioito meses desde a adopción da normativa europea prevista no artigo 8 bis da Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 1994, relativa aos envases e residuos de envases, para establecer as especificacións das etiquetas ou marcas que permitan recoñecer as bolsas de plástico compostables en toda a Unión Europea, as bolsas de plástico compostables que se poñan no mercado do territorio nacional deberán ir marcadas conforme a normativa comunitaria que se aprobe.

Artigo 6. Campañas de sensibilización e información.

1. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e as comunidades autónomas, como autoridades competentes, realizarán campañas de información ao público sobre as medidas adoptadas neste real decreto, así como campañas de sensibilización sobre as consecuencias negativas para o ambiente do consumo excesivo de todo tipo de bolsas de plástico e dos efectos do seu abandono, e promoverán a aplicación do principio de xerarquía de residuos. As ditas campañas conterán información sobre o contedor en que se deben depositar as bolsas de plástico, compostables e non compostables, unha vez que se convertan en residuos.

Estas campañas terán lugar, polo menos, no primeiro ano desde a entrada en vigor do presente real decreto e poderanse manter no tempo se se considera necesario para lograr os obxectivos establecidos.

2. As entidades locais e os comerciantes poderán realizar tamén campañas de información e sensibilización acordes coas campañas das autoridades competentes.

3. As campañas realizadas polas autoridades competentes poderán ser obxecto de financiamento polos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada no marco dos acordos de financiamento que teñan estes sistemas coas comunidades autónomas ou, se é o caso, entidades locais.

CAPÍTULO III

Rexistro de Produtores de Produtos

Artigo 7. Creación do Rexistro de Produtores de Produtos.

1. Créase o Rexistro de Produtores de Produtos, de carácter administrativo e declarativo, que estará adscrito á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

2. O Rexistro de Produtores de Produtos organízase en seccións de produtores e recompilará a información sobre a posta no mercado de produtos para cumprir coas obrigas de información en materia de xestión de residuos. O Rexistro de Produtores de Produtos conterá, polo menos, a sección de fabricantes de bolsas de plástico.

A través das correspondentes normas reguladoras de residuos poderanse establecer novas seccións do Rexistro de Produtores de Produtos co contido que estas determinen.

Artigo 8. *Inscripción dos fabricantes de bolsas de plástico no Rexistro de Produtores de Produtos.*

Os fabricantes de bolsas de plástico inscribíranse na sección de fabricantes de bolsas de plástico do Rexistro de Produtores de Produtos, do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, no prazo de tres meses desde a data de entrada en vigor deste real decreto. No momento da inscrición, proporcionarán a información establecida no punto un do anexo II, que terá carácter público. Os datos de carácter persoal estarán protexidos pola normativa estatal vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

Artigo 9. *Obrigas de información en materia de bolsas de plástico.*

Os fabricantes de bolsas de plástico recompilarán a información contida no número dous do anexo II, correspondente ás bolsas que puxesen no mercado nacional en cada ano natural. A dita información será remitida ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente antes do 31 de marzo do ano seguinte a aquel a que estea referida, para os efectos de elaborar a información relativa a bolsas de plástico que se debe subministrar á Comisión Europea de conformidade coa normativa vixente, e que será publicada con carácter anual.

A información subministrada polos fabricantes de bolsas estará accesible ás autoridades competentes para os efectos de inspección e control.

CAPÍTULO IV

Réxime sancionador

Artigo 10. *Réxime sancionador.*

O incumprimento do disposto neste real decreto será sancionado de conformidade co establecido na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Disposición adicional primeira. *Informe sobre a aplicación do real decreto e revisión das medidas propostas.*

Antes do 1 de xaneiro de 2023, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente elaborará un informe en que avalíe a eficacia das medidas establecidas neste real decreto para reducir o consumo de bolsas de plástico, cambiar o comportamento dos consumidores e fomentar a prevención de residuos. Se a avaliación mostra que as medidas adoptadas non son eficaces, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente examinará outras posibles vías para reducir o consumo de bolsas de plástico e presentará, se é o caso, unha nova proposta normativa.

Disposición adicional segunda. *Cumprimento da disposición adicional segunda da Lei 22/2011, do 28 de xullo.*

As medidas previstas neste real decreto para as bolsas de plástico lixeiras permitirán dar cumprimento ao establecido na disposición adicional segunda da Lei 22/2011, do 28 de xullo, en particular no que respecta ao establecemento do calendario mencionado no seu número 3.

O grupo de traballo mencionado no número 4 da disposición adicional segunda da Lei 22/2011, do 28 de xullo, será o grupo de traballo de envases e residuos de envases da Comisión de Coordinación en Materia de Residuos, dependente da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural.

Disposición adicional terceira. *Información sobre bolsas de plástico correspondente ao ano 2017.*

A información sobre bolsas de plástico postas no mercado nacional no ano 2017 será remitida polos fabricantes de bolsas no prazo de tres meses contados desde a súa inscrición no Rexistro de Produtores de Produtos.

Disposición adicional cuarta. *Non incremento de gasto público.*

As medidas contidas neste real decreto atenderanse cos medios persoais e materiais existentes na Administración xeral do Estado. En ningún caso estas medidas poderán xerar un incremento do gasto público.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas aquelas disposicións que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, regras 13.^a e 23.^a, da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2015/720 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2015, pola que se modifica a Directiva 94/62/CE no que se refire á redución do consumo de bolsas de plástico lixeiras.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación de desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste real decreto e, en especial, para adaptar os anexos ás disposicións e modificacións que establezan as normas internacionais, o dereito da Unión Europea e, se é o caso, ás conclusións que deriven dos informes a que se refire a disposición adicional primeira.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de maio de 2018.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca,
Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO I

Prezos orientativos das bolsas de plástico

Prezo orientativo das bolsas de plástico en función da súa espesura

Bolsas de espesura inferior a 15 micras destinadas a usos diferentes aos enumerados na definición de bolsas moi lixeiras do artigo 3 d): 5 céntimos de euro/bolsa.

Bolsas de espesura comprendida entre as 15 e as 49 micras: 15 céntimos de euro/bolsa.

Bolsas de espesura igual ou superior ás 50 micras: 15 céntimos de euro/bolsa.

Bolsas de espesura igual ou superior a 50 micras, con contido igual ou superior ao 50% de plástico reciclado pero inferior ao 70%: 10 céntimos de euros/ bolsa.

ANEXO II

Inscripción e información anual que se debe subministrar ao Rexistro de Produtores de Produtos en materia de bolsas de plástico

1. Información relativa á inscrición no Rexistro de Produtores de Produtos.

Os fabricantes de bolsas de plástico estarán obrigados, no momento de se rexistraren, a facilitar e actualizar a seguinte información:

a) Nome e enderezo do fabricante ou do seu representante autorizado, incluíndo o código postal, a localidade, a rúa e o número, o país, o número de teléfono, o número de fax, o enderezo de correo electrónico e a persoa de contacto. Se se trata dun representante autorizado, proporcionaranse tamén os datos de contacto do fabricante que representa.

b) Número de identificación fiscal europeo ou o número de identificación fiscal nacional.

c) Declaración de veracidade da información subministrada.

2. Información anual sobre as bolsas de plástico postas no mercado nacional que deben subministrar os fabricantes.

Espesura (micras)	Bolsas de plástico polietileno alta densidade				Bolsas de plástico polietileno baixa densidade				Bolsas de plástico compostables			Bolsas doutro tipo de plástico		
	Unidades	Peso unitario (g/bolsa)	Peso (t)	Contido plástico reciclado (%)	Unidades	Peso unitario (g/bolsa)	Peso (t)	Contido plástico reciclado (%)	Unidades	Peso unitario (g/bolsa)	Peso (t)	Unidades	Peso unitario (g/bolsa)	Peso (t)
Inferior a 15 e distribución gratuíta.														
Inferior a 15 e distribución non gratuíta.														
De 15 a 49.														
Igual ou superior a 50.														